




COSTA DE CAMARIÑAS

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2020



Distancia: 55 km (circular)
Dificultade: media



- 1-Rego e coído de Sabadelle. Enseada de Sabadelle.
- 2-Punta e seo da Gandriña
- 3-Punta da Falsa
- 4-Punta Ataiñ. O Portiño.
- 5-Praia e enseada de Camelle. Rego de Camelle.
- 6-Punta do Boi. Porto e vila de Camelle.
- 7-Punta do Frade
- 8-Coído de Xurelos
- 9-Seo da Fontiña. Punta Percebeira.
- 10-Praia da Lagoa. Illa do Cu cagado.
- 11-Punta do Curro. Porto de Arou.
- 12-Arou. Praia de Arou. Rego do Canabal.
- 13-Praia Braña de Lazo. Rego de Lazo.
- 14-Petón da Furaqueira
- 15-Seo de Xan Ferreiro
- 16-Punta das Lobeiras. A Ínsua. Illa Negra.
- 17-Praia das Lobeiras
- 18-Punta Xunqueiras. Seo do Pelouro.
- 19-Punta do Cabalo
- 20-A Insuela. Pedra do Sal.

- 21-Seo de Cabanas
- 22-Punta do Capelo. As Laxiñas.
- 23-Enseada do Colludo. Porto de Santa Mariña.
- 24-Punta Batedora
- 25-Seo da Posta das Cabras
- 26-Cabo Veo. Illas Cagadas.
- 27-Penal do Veo. Monte Branco.
- 28-Enseada e praia do Trece
- 29-Punta das Paredes. Enseada do Batel.
- 30-Cabo Tosto. Punta e coído do Boi.
- 31-Enseada e coído de Lucín
- 32-Laxe da Reira. Baleas do cabo Tosto.
- 33-Praia da Reira.
- 34-Punta Forcados. As Agalladas.
- 35-Praia de Area Longa. Praia da Balea.
- 36-A Posteira. Praia e punta da Pedrosa.
- 37-Enseada da Arneliña. Os Poxados.
- 38-Punta Estrunfo. Furna dos Infernos.
- 39-Cabo Vilán. Illotes de Vilán
- 40-Coído do Vilán. Punta Esperillo.
- 41-Laxe da Auga. A Betanceira.

- 42-Coidal das Castañas.
- 43-Seo do Home Morto
- 44-O Castelete
- 45-Punta Cachifarro
- 46-Ínsua e punta da Galera
- 47-Punta do monte Farelo
- 48-Praia de Lago. Corveiro de Lago.
- 49-Punta Fieital
- 50-Boliños da Fortuna
- 51-Punta Villoeira
- 52-Portocelo
- 53-Punta do Castelo
- 54-Camariñas
- 55-Punta da Ínsua
- 56-Praia Area da Vila
- 57-Punta dos Castros
- 58-Praia de Lingude. Punta da Basa.
- 59-Enseada da Basa
- 60-Ariña Branca
- 61-Punta da Barra. Punta Sandría.
- 62-Praia do Rego dos Coiros
- 63-Praia do Ariño. Rego de Lamastredo.
- 64-Man do Medio
- 65-Baixo de Dor
- 66-Illa do Forno do Sapo
- 67-Ponte do Porto. Esteiro do río Grande.

O concello de Camariñas está situado no centro da Costa da Morte. Ten unha parte de costa moi exposta polo norte e o oeste e outra parte protexida, dentro da ría, polo sur. O relevo está marcado pola serra da Pena Forcada con cumes de pouca altura (menos de 250 m) que ao caeren directamente ao mar confírenlle á costa un perfil recortado e agreste e cara ao sur descende suavemente e acolle amplas zonas arboradas e as áreas cultivables.

As principais actividades son a pesca e o marisqueo.

A costa acolle importantes áreas de interese paisaxístico, xeolóxico e biolóxico e está protexida no LIC/ZEC e ZEPA “Costa da Morte” e no Sitio Natural de Interese Nacional “Cabo Vilán”.

Camariñas conta con máis de 40 km de liña de costa repartidos case metade e metade entre o mar aberto, e a ría, aínda que nesta última uns 8 km atópanse na parte de fóra case igualmente exposta que a costa exterior e os demais ao abrigo, no interior e nos esteiros da Basa e do río Grande. Tanta lonxitude da para moito e para acoller multitude de formas e variables, e se a isto lle sumamos a especial composición dos granitos da zona, de cor vermella, o atractivo e a curiosidade multiplícanse o que pode facer máis atractiva unha viaxe ata alí, ademais esta costa acolle varias localidades emblemáticas da Costa da Morte.



Vista da boca da Ría de Camariñas presidida pola punta do Monte Farelo, na que se levanta a ermida da Virxe do Monte

RÍA DE CAMARIÑAS

Ábrese entre a Punta do Costado, ao norte e Punta da Barca, ao sur. O principal río é o Grande que desemboca na Ponte do Porto e serve de linde entre as comarcas Terra de Soneira e Fisterra. No seu interior ábrese a enseada da Basa, na desembocadura do rego de Trasteiro.



Herba de namorar cunha típica forma compacta e redondeada para adaptarse ás duras condicións dos cantís.

LIC/ZEC COSTA DA MORTE

É un espazo que comprende o litoral coruñés dende Cabo Fisterra ata Arteixo. Dada a diversidade da costa atopamos tamén diversidade de ecosistemas: costa rochosa, costa areosa, dunas (fixas e móbiles), coídos, enseadas, marismas, esteiros, lagoas litorais... nos que habitan moitas especies de interese.

É unha área de gran valor biolóxico que acolle unha importante flora e fauna con numerosas especies pouco comúns.

A vexetación de cantís, dunas e marismas está moi especializada e pódense atopar numerosas especies e

subespecies endémicas da zona. En canto á fauna hai que destacar a gran riqueza dos hábitats costeiros e o número de aves acuáticas, moitas delas invernantes que se concentran nos cantís e nas zonas húmidas. A zona é unha importante área de pesca e marisqueo e recentemente tamén de gran interese turístico.



Percebes (*Pollicipes cornucopia*), o marisco máis representativo da Costa da Morte e un dos recursos máis importantes.

PERCORRIDO

Para un percorrido en coche podemos comezar na costa exterior, en **Camelle**, que se atopa ao abrigo da súa enseada, onde ademais da paisaxe podemos visitar a **casa** e o **museo de Man**. Desde Camelle imos a Arou pola estrada que vai preto da costa e logo descubrimos, aínda sen gañar altura, un litoral irregular con forte ondada e numerosas rochas preto da costa que o converte nun espazo de risco; logo chegamos ao **porto de Arou**, separado da localidade e asentado no único espazo protexido dos arredores, e a **Arou** á beira dun areal que non ofrece protección porque as grandes mareas o cobren todo. En Arou podemos achegarnos ao miradoiro que hai na **punta das Lobeiras** desde onde se pode ver todo o seo no que se acolle o lugar, as formas da costa dos arredores e a **area das Lobeiras** outra pequena praia que tamén serve de refuxio ás pequenas embarcacións. De Arou iremos a Santa Mariña, agora xa non pola costa, a irregularidade e a dureza do relevo non fan doado o trazado dunha estrada, por iso nos diriximos cara ao interior para salvar as caídas ao mar das estribacións da serra das Forcadas e poder baixar ao **porto de Santa Mariña** que se atopa, a case 1,5 km da localidade e a máis de 100 m por debaixo do nivel das casas, ao abrigo da **punta do Capelo** e do **cabo Veo**, no fondo do seo do Colludo.


Do porto de Santa Mariña volvemos á estrada e seguimos cara á dereita para, na segunda curva, deixar o asfalto e continuar pola pista de terra que segue de fronte, bastante castigada polo tráfico pero en condicións para a circulación de calquera tipo de vehículo, para facer un dos traxectos máis visitados e coñecidos da Costa da Morte, para ver desde o alto as dunas que remontan o **monte do Veo**, a **enseada e a praia do Trece**, onde medran algunhas das últimas e escasas plantas de Camariña que aínda quedan no litoral de Galiza, e baixar logo ao pé do **Cemiterio dos Ingleses** e os coídos da **punta do Boi**, e continuar agora xa preto do mar ata a **punta Forcados** coas súas coñecidas formacións rochosas: **O Oso, Os Namorados...** e aos primeiros pequenos abrigos que acollen as **praias de Reira, Area Longa**, preto da que se atopa o **foxo do lobo**, a da **Balea** e a da **Pedrosa**, ao abeiro do **monte da Pedrosa**. Aquí a pista ten que gañar altura para remontalo e logo mantense a uns 50 m sobre o mar para pasar a **enseada da Arneliña** e chegar ao acceso, agora cortado aos vehículos, de **Cabo Vilán** (para chegar ao pé do faro temos que camiñar uns 700 m). De cabo Vilán, agora xa por estrada, dirixímonos a Camariñas e pasado o cemiterio, a uns 500 m, atopamos unha estrada á dereita que nos leva ao pé do campo de fútbol e alí preto hai unha pista que nuns 300 m nos pon no cume do **monte Farelo**, unha fermosa atalaia, coroada pola ermida da Nosa Señora do Monte, desde a que abrangemos, cara a fóra, a costa exposta da ría e cara a dentro o **seo** e a **praia do Lago** e o tramo de litoral entre a **punta Fieital** e a **punta Villoeira**.

De volta na estrada continuamos cara a **Camariñas**, ao desembocar ao pé do porto collemos á dereita por enriba do espazo portuario imos á **punta do Castelo**, onde podemos ver as escasas ruínas do **castelo do Soberano** e ter unha boa panorámica da ría, do porto e da vila ata a **punta da Ínsua**.

Percorrendo a vila pola estrada máis próxima á costa chegamos a **praia da Area da Vila** que ten detrás da **punta dos Castros** a **area de Lingude**, á que se pode chegar por un desvío sinalizado na estrada principal, e a boca da **enseada da Basa**. De volta na estrada imos ata o fondo da enseada, onde desembocan os regos de Valadares e de Trasteiro. No Cruceiro, Xaviña, hai unha estrada, á dereita, que nos permite volver ao litoral da Basa e, por pista de terra practicable, rodear o monte da Ínsua, achegarse á **praia da Ariña Branca**, á **punta Sandría** (detrás da que a ría se estreita para pasar a ser case só a canle de desaugue do **río Grande**), á **praia do Rego dos Coiros** e á **praia do Ariño**, e xa por zona asfaltada saír á estrada principal ao pé da ponte do **rego de Lamastredo**. Pasada a Piosa hai unha pista de terra que nos permite ir á beira do esteiro, na Man do Medio e na **Furna do Sapo**, e sair en **Dor** onde hai unha vista de parte da zona, máis adiante, no Allo, hai un camiño polo que podemos achegarnos á **illa do Sapo**, e logo entramos na **Ponte do Porto** onde cruzamos o río e seguimos pola súa beira ata o límite do Concello.



1-Rego e coído de Sabadelle




Enseada de Sabadelle



2-Punta e seo da Gandriña




3-Punta da Falsa




4-Punta Ataín



O Portiño





5-Praia e enseada de Camelle Rego de Camelle
CAMELLE. Vila pesqueira instalada na enseada do mesmo nome, ao abrigo das puntas do Boi e A Falsa.




Peirao de Camelle




Non se pode falar de Camelle sen falar de "Man", Manfred Gnädinger, un alemán (Radolfzell, 1936) que se instalou nunha cabana entre as rochas e realizou numerosas esculturas con pedras e outros materiais recollidos das praias. Despois da súa morte, en 2002, coincidindo coa marea negra do Prestige, o seu legado queda como un atractivo máis desta costa. Desde 2018 está aberto en Camelle un Centro de Interpretación dedicado ao legado de Man.



6-Punta do Boi.



7-Punta do Frade 9-Seo da Fontiña



8-Coído de Xurelos



Punta Percebeira




Punta Percebeira



10-Praia da Lagoa
Illa do Cu cagado
Porto de Arou



11-Punta do Curro



12-Arou.
Vila mariñeira situada no fondo da enseada do mesmo nome, separado de Camelle polo contraforte rochoso da Punta Percebeira. No fondo da enseada conta con dúas pequenas praias, a de Arou e a de Braña do Lazo.





Praia de Arou



Rego do Canabal



13-Praia Braña de Lazo



14-Petón da Furaqueira



15-Seo de Xan Ferreiro



16-Punta das Lobeiras



A Ínsua



17-Praia das Lobeiras coa Ínsua e a Illa Negra



18-Punta Xunqueiras
Seo do Pelouro




19-Punta do Cabalo





19-Punta do Cabalo



20-A Insuela. Os Boliños.



Pedra do Sal



Pedra do Sal



21-Seo de Cabanas



22-Punta do Capelo



Santa Mariña, unha pequena localidade asentada nas abas do monte da Cruz. O seu porto está construído entre rochas vermellas nunha paraxe dunha beleza espectacular rodeada de formas traballadas polo mar e o vento.



As Laxiñas



23-Enseada do Colludo

Punta e peirao de Santa Mariña desde o alto do Monte Branco.



25-Seo da Posta das Cabras

24-Punta Batedora





26-Cabo Veo Illas Cagadas



27-Penal do Veo



Monte do Veo. Os fortes ventos dominantes (fundamentalmente do oeste) acumulan unha grande cantidade de area nas abas próximas á costa. A area forma placas que se manteñen sobre as pendentes (dunas remontantes) grazas á humidade e á fixación das plantas.



Praia do Trece, cunha lonxitude de 1.260 m, acolle un bo sistema dunar onde se conservan especies pouco comúns noutras zonas da costa, como as camariñas.



As dunas e coídos do Trece conservan a principal poboación de Galiza de camariñas (*Corema album*), unha planta que na actualidade está case extinguida, pero debeu abondar noutros tempos xa que deu lugar a topónimos como Camariñas ou Pobra do Caramiñal.




29-Punta das Paredes
Enseada do Batel



30-Cabo Tosto ou do Trece



Vista desde o miradoiro do Alto da Gruita: de cabo Tosto a Cabo Veo



30-Cabo Tosto



Boleira ou Coído en Cabo Tosto ou do Trece. O intenso traballo do mar formou unha rasa de abrasión que remata na punta do Boi e na que se acumulan bolos de granito desgastado polas ondas que forman os coídos ou boleiras.




Cemiterio dos Ingleses no cabo do Trece, onde están soterradas os 172 náufragos do Serpent, buque-escola da mariña británica que afundeu nas rochas desta costa.



31-Enseada e coído de Lucín



32-Laxe da Reira



As Baleas de Tosto



33-Praia da Reira



34-Punta Forcados
As Galladas



Os Amantes

Moitas das rochas desta costa teñen formas suxerentes que inspiraron á xente a porlle nomes.



O Caudillo



Pedra do Oso



35-Praia de Area Longa. As praias desde tramo costeiro son moi expostas e con poucas condicións para o baño, pero a cambio ofrecen o encanto da tranquilidade e a beleza dunha paisaxe case virxe.




Foxo do Lobo nas proximidades da praia de Area Longa



Praia da Balea



36-A Posteira



Praia e punta da Pedrosa



Os Poxados




37-Enseada da Arneliña



Coído da Arnela



38-Punta Estrunfo. Furna dos Infernos.



Araos dos cons (*Uria aalge*) Ave outrora común, pero cada día máis escasa na costa galega. Aniñaban nos illotes de Cabo Vilán.


39. **CABO VILÁN.** Un farallón formado na súa maior parte de rochas graníticas de cor vermella (granito de dúas micas) acompañado de xistos e cuarcitas con cantís de ata 80 m de altura. No extremo do cabo atópanse os illotes de Vilán de Terra e Vilán de Fóra Foi declarado Sitio Natural de Interese Nacional en 1933. A pesar de ser un dos espazos protexidos máis emblemáticos de Galicia sufriu algunhas alteracións pouco axeitadas ao seu valor natural e paisaxístico como a construción dun parque eólico e unha piscifactoría.



Illotes de Vilán de Terra e Vilán de Fóra



Curiosa rocha en Cabo Vilán coñecida co nome da Moa.




Faro e cantil de Cabo Vilán. O faro de Cabo Vilán inaugurado en 1854 e posteriormente renovado, foi o primeiro do estado en ter luz eléctrica (desde 1896).




40-Coído do Vilán



Punta Esperillo



41-Laxe da Auga



A Betanceira




42-Coidal das Castañas.




43-Seo do Home Morto



A Coenda



44-O Castelete



A Caberta



45-Punta Cachifarro



O Niño do Corvo



46-Ínsua e punta da Galera



47-Punta do monte Farelo



48-Praia de Lago
Corveiro de Lago






49-Punta Fieital



50-Boliños da Fortuna




51-Punta Viloeira



52-Portocelo



53-Punta do Castelo



Castelo do Soberano e farola



54-CAMARIÑAS



Vista do porto e vila de Camariñas.



En Camariñas hai unha importante actividade de “palilleiras”, fonte de recursos e atractivo desta zona. Hai un museo do encaixe e obradoiros para formar á xente moza.



55-Punta da Ínsua



56-Praia Area da Vila




Praia Area da Vila, punta dos Castros




57-Punta dos Castros



58-Praia de Lingude, con Camariñas ao fondo




Punta da Basa



59-Enseada da Basa



60-Ariña Branca



61-Punta da Barra



Punta Sandría




62-Praia do Rego dos Coiros

62-Praia do Ariño



Praia do Ariño



Rego de Lamastredo



64-A Paxariña e A Man do Medio



Ría de Camariñas desde A Man do Medio




65-Baixo de Dor



Furna do Sapo



66-Illa do Forno do Sapo



67-Esteiro do rio Grande ou do Porto
Ponte do Porto

